

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE XULLO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR CON TRAXECTORIA EXCELENTE DO CAMPUS DE OURENSE 2026

Por Resolución Reitoral do 18 de xuño de 2026 publicouse a relación provisional de axudas concedidas na Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026.

Transcorrido o prazo previsto para a presentación de alegacións, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da relación definitiva de axudas concedidas na Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026, que figura no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A reitora

Anexo I

RELACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS

Solicitante	Proxecto	Importe axuda
Eiras Barca, Jorge	Avanzando na compresión dos mecanismos físicos implicados desenvolvemento e persistencia dos eventos extremos de estrés térmico de alto impacto para o sector agrícola	20.000 €
Ferreira Santos, Pedro Miguel	Desenvolvemento de procesos sostibles de biorrefinaría de microalgas para a obtención de compostos biofuncionais con aplicación alimentaria e terapéutica	20.000 €
Pérez Rodríguez, Paula	Fraccionamento e estabilidade da materia orgánica do solo trala implementación de prácticas agrícolas sostibles: implicacións no secuestro de carbono	20.000 €
Rodríguez Seijo, Andrés	Desenvolvemento e validación dunha metodoloxía analítica baseada en ORBITRAP para a determinación de PFAS en solos agrícolas de Galicia	20.000 €